

O PSOE de Cospeito denuncia “o sectarismo e a intolerancia” do Alcalde ao impedir a intervención da representante da Deputación na clausura da Moexmu

“Unha vez máis, o Sr. Castosa deu mostra da súa falla e talante democrático, pois en ningún momento lle deu paso ao deputado de Medio Rural, desprezando así a unha institución que cada ano colabora coa organización desta feira”, afirman

Para Rosa Morán “isto demostra a pouca responsabilidade do Partido Popular, e a dun Alcalde que, ademais é senador, polo que debería ser coñecedor da importancia de respetar a outras institucións”

Considera que “a desfachatez coa que actúan” é “un auténtico desprezo á colaboración institucional”; motivo polo que lle pide ao Goberno local que, en episodios semellantes, “teña máis dignidade política e respecto por todas as entidades que fan posible a Moexmu”

COSPEITO, 8 DE ABRIL.- O PSOE de Cospeito denuncia “o sectarismo” e “a intolerancia” do Alcalde deste municipio –Armando Castosa- ao impedir que o representante da Deputación –José Fernández- interviñese na clausura da Moexmu. Deste xeito, e tendo en conta que o Rexedor en ningún momento lle cedeu a palabra ao deputado de Medio Rural, a voceira socialista –Rosa Morán-, subliña que, “unha vez máis, o Sr. Castosa deu mostra do seu sectarismo e da súa falla e talante democrático, desprezando así a unha institución que cada ano colabora coa organización desta feira”.

Por este motivo, e ante o suceder dos feitos, “dos que todos fomos testemuñas”, considera que a actitude do Alcalde foi “un insulto á colaboración institucional, sobre todo, porque a Deputación axuda a facer esta Feira”. Concretamente, a institución luguesa achegou 3.000 euros para o seu desenvolvemento, cedeu 4 reses da Granxa Gayoso para a poxa, e prestou a colaboración do CENTRAD e da Fundación TIC.

“Isto demostra a pouca responsabilidade do Partido Popular, e a dun Alcalde que, ademais é senador, polo que debería ser coñecedor da importancia de respetar a outras institucións. Os do PP só se lembran das outras administracións cando lles interesa. Así é a desfachatez coa que actúan, a de unha vez que teño o que quero, *si te he visto no me acuerdo*”, destaca a edil socialista.

Ante tal situación, pídelle ao Goberno local que repare esta situación e que, en episodios semellantes, “teña máis dignidade política e respecto por todas as entidades que fan posible esta Feira”.